


2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 5 puntos): a) Localice cinco sistemas montañosos con presenza da cor verde (1 punto). b) Identifique o documento e nomee a área litolóxica que corresponde a cada cor da lenda (1 punto). c) Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor morada (1,5 puntos). d) Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor amarela (1,5 puntos).



Fonte: Editorial Santillana

a. Localice cinco sistemas montañosos con presenza da cor verde. (1 punto)

1. Pireneos. 2. Montes Vascos. 3. Sistema Ibérico. 4. Cordal Cantábrico. 5. Sistema Sub-bético (ou Sistemas Béticos)

b. Identifique o documento e nomee a área litolóxica que corresponde a cada cor da lenda (1 punto).

Cor **morada**: terreos **silíceos**. Cor **verde**: terreos **calcarios**. Cor **amarela**: terreos **arxilosos**. Cor **laranxa** (ou vermella): terreos **volcánicos**.

c. Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor morada (1,5 puntos).

A área litolóxica de cor morada correspóndese coa **España silícea**. Está formada por rochas moi antigas (do Precámbrico e do Paleozoico), que formaron parte de **antigos macizos arrasados**. Localízase nas rexións nas que aflora o vello zócolo herciniano da Meseta e noutras áreas de macizos antigos. Ocupa boa parte do terzo **oeste peninsular** e forma **manchas illadas** no eixe central dos **Pireneos, Penibéticas**, algunhas serras do **Sistema Ibérico** e a **Cordilleira Costeira Catalá**. Estas rochas -que tamén **poden** ser **metamórficas** como as lousas, xistos ou gneis-, preferentemente **ígneas** -como o granito-, dan lugar a **relevos** característicos **graníticos**, nos que se inclúen como **formas de modelado**: as cristas, os pedregais, as pedras cabaleiras, os tors, os domos, os berrocais ou os caos de bólas.

d. Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor amarela (1,5 puntos).

A área litolóxica de cor amarela correspóndese coa **España arxilosa**. Está formada por **rochas brandas** (arxilas, margas, xesos) que foron depositadas no **Cuaternario**. A área de expansión esténdese polas **depresións terciarias**: as concas castelás, as depresións do Ebro e Guadalquivir e **as chairas litorais mediterráneas**. Estas rochas forman **relevos basicamente horizontais**, por non sufrir pregamentos posteriores. A súa rápida erosión xera:

Zonas de escasa vexetación: **cárcavas** que poden orixinar os **badlands**.

Zonas onde a erosión dos ríos abriu **vales** que separan estruturas horizontais con alternancia de materiais e orixinan chairas suavemente onduladas: as **campiñas**.

. Debuxos e gráficos con tipos de modelado: granítico e cárstico

ABAU XUÑO 2019

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima 5 puntos):

a) Nomee as unidades do relevo sinaladas na figura 1 (1 punto).

b) Identifique o tipo de modelado da figura 2 e a rocha predominante (1 punto).

c) Complete os elementos enumerados do 1 ao 4 na figura 2 con algún dos seguintes termos: Domo.- Coadra de lava.- Lapiás.- Depósito piroclástico.- Pedra cabaleira.- Dolina.- Cráter principal.- Canón.- Tor.- Cono adventicio.- Sima.- Caos de bólas (1 punto).

d) Describa o proceso de formación deste tipo de modelado (1 punto).

e) Explique a orixe desta área litolóxica en España (1 punto).




Figura 1




Figura 2

a) Nomee as unidades do relevo sinaladas na figura 1 (1 punto).

A. Cordilleira Cantábrica B. Depresión do Guadalquivir C. Cordilleira Costeiro Catalá D. Montes de Toledo.
E. Serra de Tramuntana

b) Identifique o tipo de modelado da figura 2 e a rocha predominante (1 punto).

A figura 1 amosa un esquema de **relevo kárstico**. **Rocha calcárea**.

c) Complete os elementos enumerados do 1 ao 4 na figura 2 con algún dos seguintes termos:

Domo.- Colada de lava.- Lapiáz.- Depósito piroclástico.- Pedra cabaleira.- Dolina.- Cráter principal.- Canón.- Tor.- Cono adventicio.- Sima.- Caos de bolas (1 punto).

1. Lapiáz. 2. Canón. 3. Dolina. 4. Sima.

d) Describa o proceso de formación deste tipo de modelado (1 punto).

A **calcaria** é unha **rocha dura** de orixe sedimentaria e **permeable** que como resultado da súa **disolución** en contacto **coa auga lixeiramenta ácida**, as formas máis características resultan tanto da disolución **subterránea** como da acción da auga en **superficie**.

e) Explique a orixe desta área litolóxica en España (1 punto).

A litoloxía predominante formouse nos fondos mariños na era secundaria. É unha rocha sedimentaria formada no Mesozoico e comezos do Terciario, que co pregamento alpino formou conxuntos montañosos. A súa formación produciuse pola erosión e sedimentación dos antigos relevos hercinianos, que foron depositados en potentes estratos nos fondos mariños. Estes estratos sometidos a grandes presións e temperaturas polo peso de estratos sucesivos, formaron as rochas calizas.

PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico: Atendendo ás figuras 2 e 3, conteste:

- a) Identifique e describa as figuras 2 e 3 (1 punto);**
- b) Cite, na figura 2, cinco grandes unidades de relevo montañoso atravesados pola liña recta negra (1 punto);**
- c) Comente, na figura 3, o tipo de litoloxía máis occidental e analice as súas características e os tipos de modelado resultantes (1,5 puntos);**
- d) Indique, na figura 3, o tipo de litoloxía que corresponde á área de cor verde e describa as súas características e os tipos de modelado resultantes (1,5 puntos).**



Figura 2. Elaborada por Elena García Marín



Figura 3. Editorial Vicens Vives.

- a) Identifique e describa as figuras 2 e 3 (1 punto).**

A figura 1 correspóndese cun **mapa temático de España** no que se representan as **altitudes** con respecto ao nivel do mar, **con cores** que as diferencian (ben se pode catalogar de **mapa corocromático**); nel introdúcese unha **liña recta en dirección NNO-SSL** que pode reflectir un corte topográfico nese sentido, atravesando as **principais unidades do relevo peninsular occidental**. A figura 2 é un **mapa corocromático** que diferencia as principais **áreas litolóxicas da España** peninsular e Baleares.

- b) Cite, na figura 2, cinco grandes unidades de relevo montañoso atravesados pola liña recta negra (1 punto).**

Cordilleira Cantábrica, Montes de León, Sistema Central, Montes de Toledo, Serra Morena, Cadeas Subbéticas e Penibética (Sistemas Béticos).

c) Comente, na figura 3, o tipo de litoloxía máis occidental e analice as súas características e os tipos de modelado resultantes (1,5 puntos);.

En cor **vermella**, ao occidente peninsular, aparece representada a **España silíce**a. Está formada por rochas moi antigas (do Precámbrico e do Paleozoico), que formaron parte de **antigos macizos arrasados**. Localízase nas rexións nas que **aflora** o vello **zócolo herciniano da Meseta** e noutras áreas de **macizos antigos**. Ocupa boa parte do terzo **oeste peninsular** e forma **manchas illadas** no eixe central dos Pirineos, Penibéticas, algunhas serras do Sistema Ibérico e a Cordilleira Costeira Catalá. Estas rochas -que tamén **poden ser metamórficas** como as lousas, xistos ou gneis-, **preferentemente ígneas** -como o granito-, dan lugar a **relevos característicos graníticos**, nos que se inclúen como **formas de modelado**: as cristas, os pedregais, as pedras cabaleiras, os tors, os domos, os barrocais ou os caos de bolas.

d) Indique, na figura 3, o tipo de litoloxía que corresponde á área de cor verde e describa as súas características e os tipos de modelado resultantes (1,5 puntos).

En **verde** aparecen representadas as **áreas arxilosas da España** peninsular e Baleares. Está formada por **rochas brandas** (arxilas, margas, xesos) que foron **depositadas no Cuaternario**. A área de expansión esténdese polas **depresións terciarias**: as concas castelás, as depresións do Ebro e Guadalquivir e as **chairas litorais mediterráneas**. Estas rochas forman **relevos basicamente horizontais**, por non sufrir pregamentos posteriores. A súa rápida erosión xera:

- Zonas de escasa vexetación: **cárcavas** que poden orixinar os **badlands**.
- Zonas onde a erosión dos ríos abriu vales que separan estruturas horizontais con alternancia de materiais e orixinan chairas suavemente onduladas: as **campiñas**.

Se preguntaran por España calcárea:

En amarelo aparecen representadas as áreas calcáreas da España peninsular e Baleares. As rochas calcáreas son rochas duras e impermeables (aínda que se disolven con auga lixeiramente acidulada). Son rochas de orixe sedimentaria mariña, que se depositaron durante a Era Secundaria en zonas cubertas por augas mariña. Na Era Terciaria, durante os movementos alpinos forón pregados e elevados. Isto levou a súa localización nas áreas montañosas occidentais, formando unha Z invertida (Pirineos, parte occidental da Cordilleira Cantábrica, Sistema Ibérico, Sistemas Béticos...

Este tipo de rochas vese afectado polo modelado Cárstico, no que as rochas calcáreas sufren principalmente erosión química, a través da disolución en auga lixeiramente acidulada. Podemos localizar as seguintes formas:

- Exocársticas: lapiaz, dolina, foz...
- Endocársticas: covas, estalactitas e estalagmitas, simas...